

O camiño andado por Xabier López López confírmao un dos narradores de maior interese dos últimos anos. Non pode negarse que cada obra dada ao prelo por este bergondés do 74 ten sido unha nova volta de torniqueta, un desafío a través do cal foi abrindo novos espazos para a súa escrita.

Fiel a ese espírito, hai pouco veu luz *Cadeas*, título co que obtivo meses atrás o Premio Xerais de Novela 2013.

Cadeas é, como o personaxe principal do libro chega a expresar nalgún momento, unha novela que pode lerse como un conxunto de relatos ou viceversa. Ten, por tanto, unha estrutura helicoidal, conformada por historias que se aglomeran arredor dunha columna central de adn narrativo constituída por unha trama metaliteraria en tanto en canto presenta a visita dun escritor á casa duns fans lectores que o convidan a pasar unha velada onde todo se complicará por momentos e que deixa no padal o saibo do mellor Carver dos “Neighbors”.


Alén desta fía vermella, este elo central da cadea, hai no libro unha morea de relatos que imantan nesa narración descontinua en entregas e que, lonxe de ser un simple xiro anticlimático, son xustamente a argamasa na que solidifica esta estimulante proposta de López.

Logo, nesa vintena de narracións alleas á trama central (que conta con case outras tantas entregas) hai, xaora, de todo: dende historias do

Narrativa helicoidal

Dunha estimulante proposta

ARMANDO REQUEIXO



tempo dos maquis ata relatos coloniais do Sahara español, tanto peripecias de músicos de orquestra ligóns coma pintorescas iniciativas dos emasculados ex-solda-

dos británicos da Commonwealth. Mesmo hai lugar para maxinacións (co)protagonizadas por Rafael Dieste ou Manuel Antonio, que cruzan as súas vidas ficcionais pero plausibles con, poño por caso, nada menos que Joseph Conrad.

Mais *Cadeas* salienta tamén pola variabilidade de fórmulas narrativas ensaiadas, que van dende o guiñón cinematográfico ata o artigo histórico-literario ou a crónica, con incursións na escrita de memorias, o relato epistolar ou a dicionarística enciclopédica literaturizada.

Trátase dun dos premios Xerais máis compensados

Pouco importan a falta de decoro poético dalgúns personaxes, a imposibilidade de casar datas en determinadas historias ou o arquetípico de varios dos actantes, o certo é que *Cadeas* é un dos máis compensados premios Xerais dos últimos anos e unha obra na que o teselado de historias ao que Xabier López López nos invita funciona como artefacto literario. *LÓPEZ LÓPEZ, X., Cadeas, Ed. Xerais, Vigo, 2013, PVP.20 €*